

## PEZA DO MES

febreiro

2023

---



**MANGO DE MADEIRA  
DO CASTRO DO CASTELO DE LAIAS**

## Mango de madeira do castro do Castelo de Laias

O mango de coitelo do castro do Castelo de Laias (Cenlle, Ourense) remítenos á cultura material máis descoñecida da Idade do Ferro, aquela elaborada a partir de diversos tipos de materiais vexetais (madeira, cortiza, talos, follas, etc.). Esta cultura material de natureza efémera foi predominante no pasado, investigacións e achados recentes teñen permitido ampliar o noso coñecemento dela, e comezan a revelar a súa diversidade e os coñecementos técnicos e ambientais que atesoura. No caso da madeira, esta materia prima foi utilizada para a construción de vivendas e estruturas de almacenaxe, embarcacións, armamento ofensivo e defensivo, e utensilios domésticos e instrumental agrícola e forestal. Mais o seu carácter perecedeiro ten condicionado a súa preservación en contextos arqueolóxicos. Este tipo de materiais só se conservan ocasionalmente cando se dan unhas condicións moi específicas como humidade constante e ausencia de osíxeno (anegamento), contacto con elementos metálicos (mineralización) ou exposición ao lume (carbonización), ou ben de forma indirecta mediante impresións en negativo noutros materiais. Durante a Idade do Ferro, nos asentamentos e outro tipo de xacementos, a existencia de incendios (intencionados ou non) era relativamente frecuente, e nestes casos o lume que destrúe tamén ten permitido a preservación dos materiais vexetais. Os obxectos e as estruturas de madeira sometidos á acción do lume e que non chegaron a ter unha combustión completa conserváronse. O seu estudo foi posible naqueles casos en que se produciu unha recollida coidadosa e exhaustiva durante o traballo de campo.

A carbonización é o tipo de preservación máis habitual dos obxectos e estruturas de madeira no interior dos castros, e este foi o caso tamén do coitelo do castro do Castelo de Laias. No ano 1997 e en relación coa construción da autovía Rías Baixas, a empresa Terra Arqueos levou a termo unha intervención arqueolóxica dirixida por Yolanda Álvarez González, que consistiu na escavación en área dunha superficie de 13.980 m<sup>2</sup>. Esta intervención permitiu documentar un xacemento moi complexo e cunha extensa ocupación ao longo do tempo. Non obstante, un dos aspectos máis destacables da intervención foi a documentación de diferentes áreas do asentamento de incendios (fortuítos ou intencionados) en diferentes momentos temporais.

Precisamente nun deses contextos foi recuperado o coitelo que nos ocupa, en concreto no recinto superior do castro, no corte 29. Durante a escavación desta área documentáronse varios socalcos nos que foran construídos en diferentes momentos estruturas destinadas á almacenaxe de cereais, leguminosas e outros produtos vexetais de carácter silvestre como as landras. A peza apareceu asociada a unha estrutura de almacenaxe (denominada STO.5) que foi construída cun entretecido vexetal revestido de barro, da que foron recuperados cereais (millo miúdo e trigo). O incendio preservou por carbonización tamén outros elementos como pólas, táboas e troncos que formarían parte da propia estrutura, e incluso se menciona a aparición de restos dun cesto, así como outros obxectos realizados en madeira. O contexto específico no que foi recuperado este mango (LAI 29-97-45) está datado entre o s. II a.n.e. e o I d.n.e. (CSIC-1402, 2033±26, 103 cal. BCE – 62 cal. CE, 95,4% de probabilidade). Esta peza singular é unha pequena mostra do conxunto de madeiras traballadas recuperadas no castro do Castelo de Laias, que ten permitido afondar e definir con maior precisión as características da construción en madeira, así como rexistrar diferentes tipos de obxectos realizados neste material e asociados á vida cotiá.

Ata o de agora, os obxectos de madeira documentados de forma máis frecuente en contextos da Idade do Ferro son os fragmentos de diferentes tipos de contedores de madeira –vasillas, caixas, cuncas, etc.– e os mangos de diferentes utensilios, ferramentas, obxectos de adorno e armas. O caso dos mangos é especialmente interesante xa que nos casos estudados se observa unha marcada variabilidade morfolóxica na que a adaptación ao uso da ferramenta ou utensilio do que formaba parte semella chave na súa configuración. Esta adecuación ao uso é observable tamén na selección da materia prima, que en determinados casos busca a tenacidade e a resistencia, e noutros a flexibilidade da madeira. No caso do mango de Laias (LAI-C29.97.45.10/01) observamos como a peza foi elaborada a partir dun tronco ou rama de carballo ou rebolo (*Quercus sp.* caducifolio). A madeira obtida a partir destas árbores era a utilizada de forma preferente na elaboración de obxectos, tamén de estruturas durante a Idade do Ferro documéntase de forma habitual. De feito, esta foi tamén a materia prima seleccionada para confeccionar outros dous mangos recuperados no xacemento, probablemente

polas súas calidades mecánicas como a resistencia e tenacidade, así como a súa durabilidade. A peza que nos ocupa presenta unha sección cuadrangular cos catro lados biselados para suavizar as arestas. Esta morfoloxía facilita o agarre do mango evitando que este rote no interior da man durante o seu uso. Para a súa elaboración foron utilizadas unha ou varias ferramentas de fío cortante, probablemente unha machada para cortar e partir o soporte orixinal, e despois algún coitelo ou ferramenta semellante para dar a forma final á peza. Unha morfoloxía similar aínda que con sección poligonal en lugar de cuadrangular foi documentada noutros dous mangos de Laias (LAI-C29.97.45.10/02, LAI-C29.97.66.6).

de novo cando se danaban ou rompían polo uso, xa que eran pezas que tiñan que ser reparadas ou repostas de forma habitual. No caso de Laias a peza conserva unhas arestas ben marcadas e definidas, polo que parece que non tivo un uso prolongado ou intenso antes de ter sufrido a acción do lume.

En resumo, esta pequena peza permite reconstruír diferentes aspectos relacionados coa vida cotiá da Idade do Ferro. En primeiro lugar, remítenos ao momento en que se aprovisionaron da materia prima, no exterior do asentamento, nun bosque mixto de caducifolios onde foi seleccionado un tronco ou póla de carballo ou rebolo. Probablemente despois xa no asentamento, a partir do soporte



MANGO DO CASTRO DE LAIAS (CENLLE, OURENSE)

O estudo morfotecnolóxico deste tipo de obxectos leva inevitablemente á seguinte pregunta: Quen facía os mangos de ferramentas e utensilios durante a Idade do Ferro? Unha pregunta de difícil resposta pero que permite establecer interesantes reflexións arredor deste tipo de manufacturas en madeira. Por unha banda as morfoloxías, ferramentas e técnicas documentadas ata o de agora a partir das pezas estudadas non son excesivamente complexas, polo que non se requirían uns coñecementos especializados para elaboralos, nin unhas ferramentas que requiriran para a súa utilización dunha destreza complexa. Por outra banda, os mangos poden formar parte de pezas confeccionadas integramente en madeira, ou pezas que teñen unha ou varias partes metálicas. Nestes casos sería probable que quen confecciona o elemento metálico elabora tamén a peza de madeira, tal e como o facían tradicionalmente os ferreiros. Mais tamén cabe a posibilidade de que foran os usuarios finais destas ferramentas os que elaboraran os mangos xa desde o inicio ou ben

orixinal, foi extraída unha pequena peza da que se confeccionou o mango. Aínda que durante a súa elaboración só foron utilizadas ferramentas sinxelas e non especializadas, esta peza presenta unha morfoloxía singular destinada a favorecer o seu agarre e mellorar as condicións do seu uso a partir do seu deseño. Non obstante, a ausencia de desgaste nas arestas do mango indicaría que non chegou a ter un uso prolongado ou intenso antes de ser destruído polo lume. A análise detallada deste simple obxecto permite entrever a complexidade de información que cada unha destas pezas de madeira agocha. A investigación sobre este tipo de materiais de orixe vexetal permitirá nun futuro próximo completar a imaxe parcial que temos da cultura material da Idade do Ferro, integrando os datos da cultura material de carácter efémero e sumándoa aos xa fornecidos pola análise dos obxectos non perecedoiros como a cerámica, as producións metálicas ou líticas, entre outras.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR

## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende a época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

De martes a sábado: 9.00 a 21.00 h ininterrompido

Domingo: 9.00 a 15.00 h

Pechado os luns e festivos oficiais



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

## Outros servizos do museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

[www.musarqourense.xunta.es](http://www.musarqourense.xunta.es)

[mapour@xunta.es](mailto:mapour@xunta.es)

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: María Martín Seijo. Departamento de Ciencias Históricas. Universidade de Cantabria

ISSN: 1579-9956

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río Martínez

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco